



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2012

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión extraordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustificando a súa ausencia don José Manuel Sobrino Heredia, dona María Luisa Sánchez Simón e dona Pilar Uriz Tomé.

### **1. Aprobación de titulacións para o curso 2012/2013**

Tras a comprobación do quorum legal para a realización da sesión, o Reitor dá paso ao punto único, explicando as razóns de calendario da Xunta que forzaron a convocatoria extraordinaria deste Consello de Goberno: as propostas de titulacións para o vindeiro curso 2012-2013 deben presentarse mañá na Consellería.

A continuación, cédelle a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen informa, en primeiro lugar, das incidencias dos mestrados xa aprobados no Consello de Goberno do 15 de novembro: o Mestrado de Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías está en fase de sinatura do convenio de colaboración; o Mestrado de Materiais Complexos: Análise Térmica e Teoloxía coa Universidade Paris VII-Denis Diderot tivo que superar os problemas legais co título francés mediante a súa recualificación como mestrado propio, simultaneado co título da Universidade de París VII. Denis Diderot; o Mestrado Universitario en Avogacía pola Universidade da Coruña está modificándose para incorporar ao Colexio de Avogados de Ferrol; o Mestrado Universitario de Dirección e Planificación do Turismo: Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos está modificándose para incorporar a docencia on line, como experiencia nova.

En segundo lugar, o vicerreitor expón os novos mestrados, que se someten á aprobación do Consello de Goberno:



- Mestrado Universitario en Enxeñaría de Mantemento e Instalacións do Buque. Respecto da proposta inicial, cambiouse a denominación e reduciuse a optatividade por instancia da Xunta. A documentación relativa ao mesmo figura como **anexo III** da presente acta.
- Procuraduría. Tras unha intensa fase negociadora, acordouse entre as tres universidades do SUG impartir o mestrado de xeito rotatorio, baixo a coordinación da USC. A memoria, que figura como **anexo IV**, está xa preparada, e o vicerreitor solicita autorizar ao Reitor para que comprometa á UDC neste mestrado. O Consello de Goberno autoriza por asentimento a participación da UDC nos anteriores termos.
- Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática. Este mestrado, que outorga as competencias profesionais para o exercicio da enxeñaría informática superior, ten un carácter de titulación estratéxica para a UDC. A Facultade de Informática preparou unha proposta de titulación de 60+30 créditos, a implantar no curso 2013-2014, momento no que prevé que saian xa os seus propios graduados. A documentación figura como **anexo V**.

Tras un intercambio de pareceres, acórdase por unanimidade aceptar a proposta de implantación no ano 2012-2013, coa encomenda de alargar todo o posible os prazos de implantación, no sentido demandado polo decano da Facultade de Informática, Alberto Valderruten Vidal.

Por último, o vicerreitor informa sobre as modificacións en tramitación dos graos de: Enxeñaría de Obras Públicas, Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo, Enxeñaría Informática e no Mestrado de Dirección e Planificación do Turismo: Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos. Estas modificacións apróbanse por asentimento.

Sen mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:23 horas. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral  
Carlos Amoedo Souto

O presidente  
Xosé Luís Armesto Barbeito